

FORO INÉS DE CASTRO

Luís Faro

*Perceções da Língua Portuguesa na
Literatura*

Consello da Cultura Galega

Santiago de Compostela

Xoves, 20 de xuño de 2019 ás 18:00 h



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

As relacións entre Galicia e Portugal teñen unha importancia estratéxica, económica e sociocultural moi destacada, razón pola que o Consello da Cultura Galega ten salientado o seu fortalecemento como unha liña de acción prioritaria. A crise agravou unha situación xa en si mesma feble, abocando a unha falta de propostas e á perda de avances significativos, como se reflicte no propio esmorecemento da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Precisamos, uns e outros, transcender a conxunturalidade para xerar liderado, discurso e propostas capaces de actualizar e dinamizar a nosa relación en clave de país; mais para iso tamén cómpre superar as trabas e propiciar encontros e alianzas que favorezan o progreso e a comprensión mutua de ambas as dúas comunidades.

O Foro Inés de Castro xorde como unha proposta de encontro para concretar as relacións entre Galicia e Portugal no século XXI. Tres son os seus eixes esenciais: coñecemento, reflexión e acción. Os seus obxectivos son:

- ◆ Diagnosticar os trazos esenciais do momento actual das relacións galego-portuguesas e do papel de Galicia no favorecemento das relacións ibéricas.
- ◆ Propiciar unha posta ao día permanente do coñecemento respectivo nos trazos esenciais das relacións galego-portuguesas.
- ◆ Fundamentar as iniciativas de achegamento a todos os niveis entre Galicia e Portugal e idear posicionamentos compartidos tanto no espazo europeo coma nun ámbito global.
- ◆ Suxerir propostas concretas que permitan facer avanzar as nosas relacións a todos os niveis, con especial atención ao eido cultural.
- ◆ Idear propostas para alentar unha adecuada proxección exterior dos mecanismos de cooperación.
- ◆ Trasladar aos actores implicados as suxestións debidas, co ánimo de alentar un maior desenvolvemento das complementariedades mutuas.

O Foro Inés de Castro concrétase na realización de conferencias, coloquios ou seminarios en Galicia e Portugal arredor de temas de interese común que permitan actualizar as nosas percepcións respectivas e intercambiar coñecemento e suxestións. A axenda contempla tanto actividades abertas ao público xeral coma outras reservadas a un público convidado, seleccionado especialmente por razón de oportunidade ou da natureza das mesmas. O Foro prevé a organización inicial de dúas citas anuais, alternantes en Galicia e en Portugal.

As actividades coordinaranse entre o Consello da Cultura Galega e o Instituto Camões.

*Mudam-se os tempos, mudam-se as vontades,
Muda-se o ser, muda-se a confiança:
Todo o mundo é composto de mudança,
Tomando sempre novas qualidades.*
Luís Vaz de Camões
(Lisboa, c. 1524-ibidem, 10 de xuño de 1580)

SESIÓN INAUGURAL

18:00 h

Palestra: Perceções da Língua Portuguesa na Literatura

Embaixador **Luis Faro Ramos**, Presidente do Camões I.P.

O Camões, I.P. é un instituto público, integrado na Administración indirecta do Estado portugués, e está dotado de autonomía administrativa, financeira e patrimonio propio. Entre as súas misións está a de propor e executar a política de cooperación portuguesa, a política de ensino e divulgación da lingua e cultura portuguesas no estranxeiro así como promover a internacionalización da cultura portuguesa.

ORGANIZA

Instituto Camões

Consello da Cultura Galega

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n 15705

Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax.: 981 957 205

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

